



Pasos para participar na Enquisa de Convivencia Escolar 2025

- 1) Acceda ao enderezo web que permite o acceso á aplicación [convivencioxestion](https://www.edu.xunta.gal/convivencioxestion/) (<https://www.edu.xunta.gal/convivencioxestion/>).
- 2) Prema no botón de acceso e introduza o seu usuario e contrasinal.



3) Revise a información contida na páxina de inicio da aplicación.

Este apartado inclúe unha guía de preguntas frecuentes e un cuestionario pictográfico que pode ser impreso para aquel alumnado que o precise, así como as diferentes ligazóns ao cuestionario de cada colectivo participante na enquisa.



ConvivenciaXestion

Inicio

ENQUISTA DE DIAGNOSE DA CONVIVENCIA ESCOLAR 2025

Prazo de participación: do 5 ao 26 de maio

Antes de comezar, lea as [instrucións para participar](#) na enquisa de convivencia desde o seu centro educativo. A continuación, tamén pode consultar a [guía para responder](#).

De ser necesario, revise detidamente as [preguntas frecuentes](#).

Para aquel alumnado que o precise, é posible descargar e imprimir un [cuestionario pictográfico](#). **NOTA:** As respostas deben ser trasladadas do papel ao cuestionario dixital para o alumnado que require asistencia, empregando a ligazón que figura máis abaixo e a clave de acceso do/a alumno/a.

ACLARACIÓNS:

COLECTIVOS PARTICIPANTES:

- Alumnado:** todo o alumnado a partir de 5º de Educación Primaria (5º e 6º de Primaria, ESO, FP Básica, Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas de Persoas Adultas, Ensinanzas de Réxime Especial, etc).
- Profesorado:** todo aquel que imparte docencia no centro educativo durante o curso académico completo.
- Personal non docente:** todo o persoal non docente do centro educativo.
- Familias:** todas as familias responsables de alumnado con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, cubrindo un cuestionario por familia e centro educativo.

4) Descargue as claves de acceso para as persoas que conforman os diferentes colectivos do seu centro educativo. Para iso é necesario seguir os seguintes pasos:

➤ Prema no punto **2. Informes > 2.1 Claves de acceso**, seleccione o curso académico 2024/2025 e prema en "Buscar".



ConvivenciaXestion

Informes

Para obter as claves dos distintos colectivos para realizar o cuestionario marque os correspondentes na columna seleccionar e prema no botón "Xerar documentos".

Poderá descargar un [cuestionario](#) en pictogramas para aquel alumnado con NEE que así o precise.

Neste enlace de [preguntas frecuentes](#) explícanse as principais cuestións que poden xurdir.

Filtros para a busca

Indique polo menos un filtro e prema o botón **Buscar**


Convocatoria

Ano académico 2024/2025

Buscar

- Seleccione os colectivos para os que desexe obter as claves de acceso e prema no botón "Xerar documentos".

NOTA: Deberanse xerar as claves de todos os colectivos do seu centro: alumnado de Educación Primaria, alumnado de Educación Secundaria, alumnado de ensinanzas post-obrigatorias, profesorado, persoal de administración e servizos (PAS) e familias.



ConvivenciaXestion

Informes

Para obter as claves dos distintos colectivos para realizar o cuestionario marque os correspondentes na columna seleccionar e prema no botón "Xerar documentos".

Poderá descargar un [cuestionario](#) en pictogramas para aquel alumnado con NEE que así o precise.

Neste enlace de [preguntas frecuentes](#) explícanse as principais cuestións que poden xurdir.

Filtros para a busca

Indique polo menos un filtro e prema o botón Buscar

Convocatoria
Año académico 2024/2025

Buscar

6 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Resultados da busca

Número de enquisa	Enquisa	Tipo enquisado	seleccionar
1	Alumnado de ensinanzas postobrigatorias	Alumnado ensinanzas postobrigatorias	☐
1	Profesorado	Profesorado	☐
1	Familias	Familia	☐
1	Persoal de administración e servizos	Persoal de administración e servizos	☐
1	Alumnado que require asistencia	Alumnado que require asistencia	☐
1	Alumnado de Educación Secundaria Obligatoria	Alumnado de ESO	☐

6 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Xerar Documentos

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Servizo prestado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

convivenciaxestion 14.6.0-b0 | Contacto


- Prema no punto 3. *Buzón de informes* e descargue os documentos en PDF que conteñen as claves de cada colectivo, xeradas de xeito automático e aleatorio.

NOTAS:

- Cada documento en PDF contén todas as cartas informativas dirixidas ás persoas dese colectivo. Cada unha desas cartas contén a ligazón á enquisa de convivencia mais unha clave de acceso que só poderá ser usada unha única vez.

- Xeraranse, de xeito automático, tantas cartas como número de persoas conforman ese colectivo no seu centro educativo, máis un 10% adicional para facer fronte a posibles incidencias -como, por exemplo, o extravío da clave dalgún ou dalgunha participante-.

Por exemplo, se o colectivo de alumnado de Educación Secundaria do seu centro está formado por 100 persoas, no PDF xerado figurarán 110 cartas diferentes. As primeiras 100 deben ser repartidas aleatoriamente, as 10 restantes reservaranse para posibles incidencias.

5) Deberase entregar, de xeito aleatorio, unha carta a cada unha das persoas participantes na enquisa.

NOTAS:

- O alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria **deberá responder no propio centro educativo**, organizando quendas de acceso á aula de ordenadores baixo supervisión docente.
- **Cada familia debe responder unha única vez**, independentemente do número de fillos/as que teña matriculados/as no centro. Así mesmo, responderán **unha enquisa por cada un dos diferentes centros educativos aos que asistan os seus fillos/as** (por exemplo, CEIP, IES e Conservatorio de Música -unha enquisa relativa á convivencia en cada un deses centros-).

Prezado/a profesor/a:

Agradecemoslle de antemán a súa colaboración e participación nesta recollida de datos.

Este é o código que funciona como clave de acceso á plataforma de recollida de datos. Trátase dun número totalmente aleatorio que unicamente o asocia a un centro educativo que ten por obxecto garantir o total anonimato e impedir accesos non autorizados á plataforma de recollida de datos.

Introduza o código na caixa correspondente e logo seleccione o cuestionario que lle corresponda.

Unha vez introducida a clave **non poderá volver a ser utilizada**. A recollida de datos require uns 15 minutos. Recomendámoslle que, antes de entrar na plataforma, conte aproximadamente con este tempo.

Ligazón: <https://edu.xunta.gal/convdoce>

Clave: W3QJBN

Clave en maiúsculas. Cero 0. Letra o O

Atentamente,

6) Para responder á enquisa, cada participante deberá empregar a ligazón incluída na súa carta, introducir a clave de acceso, responder ás preguntas das diferentes pantallas e premer "Enviar" ao rematar o cuestionario.

Uso do cuestionario pictográfico

Para aquel alumnado que, debido ás súas características individuais, non sexa quen de responder ao cuestionario ordinario deseñado para o seu colectivo, existe a posibilidade de descargar e imprimir un cuestionario en PDF, así como as correspondentes claves de acceso.

Será o profesorado quen estime quen é o alumnado destinatario deste cuestionario e actuará como mediador prestando apoio para responder no caso de ser preciso.

NOTA IMPORTANTE:

A persoa mediadora deberá, logo de que o cuestionario pictográfico impreso sexa respondido, trasladar as respostas ao *"cuestionario para o alumnado que require asistencia e fai uso do cuestionario pictográfico"*, cuxa ligazón de acceso se atopa na páxina de inicio da aplicación [convivenciaxestión](#).

Para iso deberase empregar a clave deste/a alumno/a que permite acceder ao mencionado cuestionario.


Outras funcionalidades da aplicación convivenciaxestion

Ademais de xerar as claves de acceso para as diferentes persoas do seu centro participantes na enquisa de convivencia, esta aplicación permitiralle:


- Consultar a porcentaxe de participación dos diferentes colectivos do seu centro educativo, a través do apartado *2.2 Avance de resultados*.



- Acceder aos resultados do seu centro educativo, no apartado *2.3 Resultados*.



- Acceder a toda documentación relativa á enquisa, no apartado *4. Axuda*.



Para resolver calquera dúbida, pode contactar co Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia a través de calquera das seguintes vías:

- Chamando aos números de teléfono 881996571 / 981546512
- Enviando un correo electrónico aos enderezo electrónicos edutic@edu.xunta.gal / convivencia@edu.xunta.gal.

Grazas pola súa colaboración